

BASES CAMPAÑA ENCHEMOS O TEU DEPÓSITO 2022

1. A ABE organiza unha campaña de promoción comercial de volta ao cole co obxectivo de premiar aos clientes que realicen as súas compras nos comercios asociados durante estas datas.

2. A campaña desenvólvese dende o 5 ao 24 de setembro, e os clientes deben rexistrar o tickets ou facturas de calquera das empresas asociadas mediante a aplicación instalada na web da ABE www.abe.gal.

3. Cada rexistro correcto será unha participación no sorteo.

4. Os tickets serán válidos sempre que teñan a data indicada na base 2 e correspondan a unha empresa asociada a ABE. Pódese consultar o listado actualizado de empresas en www.abe.gal

5. Premios. 10 premios de 100 € en bonos ABE que soamente se poderán utilizar na ESTACIÓN DE SERVIZO GARLOU DE BOIRO, ademais a cada unha das persoas premiadas entregaráselles un bono de limpeza premium para o su coche a utilizar na mesma estación de servizo.

6. Data do sorteo

Luns 26 de setembro.

A organización reservase o dereito a mover a data do sorteo se fose preciso o cal o comunicará na web e redes sociais.

7. Os vales de compra soamente se poden utilizar para mercar combustible na ESTACIÓN DE SERVIZO GARLOU DE BOIRO sen posibilidade de cambiarse por cartos nin de facer devolucións de efectivo.

8. A ABE contactará cos premiados e difundirá os mesmos tanto na web como nas redes sociais.

9. A participación na campaña supón a aceptación das bases así como a autorización dos premiados a utilizar a súa imaxe aos efectos de publicidade dos resultados da campaña.

10. A organización reservase o dereito de modificar as presentes bases, sen incorrer en ningunha responsabilidade, previa comunicación ao servizo de Xogo da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia.